

## CONCRECIÓN CURRICULAR

### Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36006316	CEIP Daría González García	Pontevedra	2023/2024

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro	3
b) A contribución á adquisición das competencias clave	4
c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais	4
d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía	5
e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos	6
f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso	6
g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias	6
h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso	7
i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso	7
j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación	7
k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso	8
l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas	8
m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas	8
n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular	9
o) Outros apartados	9

## **a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro**

Os desempeños do alumnado despregámoslos en actividades e situacións de aula e centro con abordaxe asociada a cada área (programacións didácticas, obxectivos específicos).

Como obxectivos xerais que son, constitúen un elemento de conexión entre o perfil de saída do noso alumnado, os criterios de avaliación e os contidos.

Adaptados ao contexto do noso centro, os obxectivos xerais da etapa de primaria irán orientados a desenvolver nos nenos e nenas as capacidades que lles permitan:

a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio da nosa sociedade democrática.

b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en sí mesmos/as, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese na aprendizaxe, creatividade e espírito emprendedor.

c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.

d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferencias entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de nenos e nenas e a non discriminación de compañeiros ou compañeiras con discapacidade nin por outros motivos.

e) Coñecer e empregar axeitadamente a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas linguas.

f) Adquirir en lingua inglesa a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.

g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran da realización de operacións elementais de cálculo, así como ser capaz de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.

h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vencellados con Pontevedra e Galicia.

i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran, especialmente a través de apps e redes sociais.

j) Empregar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.

k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o dos demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.

m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.

n) Fomentar a educación vial e as actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades da nosa cultura e da nosa lingua pero tamén as físicas e sociais de Pontevedra e de Galicia, poñendo de relevancia ás mulleres e aos homes que realizaron aportacións importantes á

nosa cultura.

Por outra banda, a contribución dos obxectivos ao desenvolvemento das competencias de acordo ao currículo de cada área e a súa adecuación ao contexto e ás características do alumnado do actual curso 23-24 pódense consultar en cada unha das Programacións Didácticas que se atopan dispoñibles para a súa consulta na páxina web do centro (<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipdariagonzalezgarcia/>).

## **b) A contribución á adquisición das competencias clave**

As competencias clave constitúen os desempeños que se consideran imprescindibles para que o noso alumnado poida progresar con garantías de éxito no seu itinerario formativo e afrontar os principais retos e desafíos globais e locais.

Garantir unha formación axeitada pasa necesariamente por proporcionar unha formación integral, que se centre no desenvolvemento das competencias. A aprendizaxe baseado en competencias caracterízase pola súa transversalidade, o seu dinamismo e o seu carácter integral. O proceso de ensinanza e aprendizaxe competencial abordárase no noso CEIP desde todas as áreas de coñecemento e por parte das diversas instancias que conforman esta pequena comunidade educativa, tanto nos ámbitos formais como nos non formais e informais.

Para favorecer unha adquisición eficaz das competencias clave deseñaremos actividades de aprendizaxe integradas e proxectos que lle permitan ao noso alumnado avanzar en máis dunha competencia ao mesmo tempo. Nese senso, as aprendizaxes que teñan carácter instrumental para a adquisición doutras competencias clave recibirán especial consideración.

A lectura constitúe no noso CEIP un elemento nuclear como factor fundamental para o desenvolvemento das competencias clave; é de especial relevancia o desenvolvemento de estratexias de comprensión de lectura de todo tipo de textos e imaxes, en calquer soporte e formato. Coa fin de fomentar o hábito e o dominio da lectura, así como o da comunicación, o colexio organiza a súa práctica docente de xeito que se garante a incorporación dun tempo diario de lectura e práctica da oratoria. Este tempo diario é de vinte minutos, recollidos en horario entre as 12:15 e as 12:35 horas, de luns a venres, sen prexuízo de que no resto das sesións se practique a lectura ou a oratoria.

Tamén co obxectivo de fomentar a integración das competencias e que os nosos nenos vaian adquirindo maiores niveis de desempeño no seu uso, dedicarase un tempo do horario lectivo á realización de proxectos significativos para o alumnado e á resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

As nosas medidas de atención á diversidade están orientadas a permitir que todo o alumnado poida acadar os obxectivos e as competencias clave da etapa, así como o nivel de desempeño esperado ao remate da educación primaria, de acordo co perfil de saída.

Os descritores operativos das competencias clave constitúen, xunto cos obxetivos xerais da etapa, o marco referencial a partir do cal concretamos os obxectivos de cada área.

Dado que as competencias se adquiren necesariamente de forma secuencial e progresiva, incluímos tamén nos descritores que orientan sobre o nivel de desempeño esperado ao completar a educación primaria, favorecendo e explicitando así a continuidade, a coherencia e a cohesión entre as dúas etapas que compoñen a ensinanza obrigatoria.

## **c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais**

A transversalidade que require a aprendizaxe baseada en competencias é unha condición inherente ao perfil de saída, no senso de que todas as aprendizaxes contribúen á súa consecución.

Porase especial atención á educación emocional e en valores e á potenciación das aprendizaxes significativas para o desenvolvemento das competencias transversais que promovan a autonomía e a reflexión.

A área de Proxecto Competencial diríxese ao desenvolvemento destas competencias transversais, onde trataremos, como mínimo, os contidos de carácter transversal que seguen:

- A comprensión lectora
- A expresión oral e escrita
- A comunicación audiovisual
- A competencia dixital
- O fomento da creatividade
- O espírito científico
- O emprendemento
- A igualdade entre mulleres e homes
- A educación para a paz
- A educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible
- A educación para a saúde
- A educación afectivo-sexual
- A orientación educativa
- A acción titorial
- A educación emocional
- E a educación en valores

O desenvolvemento das competencias transversais implica a realización de proxectos significativos para o noso alumnado, a resolución colaborativa de problemas, o reforzamento da súa autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. Supón o deseño e elaboración de traballos monográficos, proxectos interdisciplinares, colaboración con proxectos de centro, cooperación internivel... Estas actividades transversais van dirixidas a reforzar os aspectos curriculares, favorecendo a interdisciplinidade e a conexión entre os diferentes saberes. Parten da observación e experimentación para coñecer as relacións, os fenómenos naturais da vida cotiá e a comprensión da súa contorna e da súa realidade. Por exemplo, as áreas de Proxecto Competencial e Educación en Valores Cívicos e Éticos en 6º de Primaria terán especial relevancia no tratamento destes elementos.

As actividades que propoñemos para reforzar os aspectos transversais do currículo favorecen a interdisciplinidade, a conexión entre os diferentes saberes e a mobilización conxunta das competencias necesarias para utilizar o razonamento lóxico, analizar ou xulgar críticamente os problemas sociais e históricos.

Temos en conta todos os nosos recursos educativos como fonte de aprendizaxe e e como canle para abordar os elementos transversais: a aula sensorial, o hall de actos, a aula de psicomotricidade, os equipos dixitais... pero, sobre todo e principalmente, a biblioteca escolar do centro.

#### **d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía**

Os principios metodolóxicos a seguir polo noso CEIP serán os seguintes:

1. Poñerase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.
2. A metodoloxía didáctica será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave. Neste sentido prestarase atención ao desenvolvemento de metodoloxías que permitan integrar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real.
3. A nosa acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado, terá en conta os seus diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, favorecerá a capacidade de aprender por si mesmo, promoverá o traballo colaborativo e en equipo, e potenciará a aprendizaxe significativa que promova a autonomía e a reflexión. A estes efectos, teranse en conta as orientacións pedagóxicas establecidas nas programacións didácticas para cada unha das áreas.
4. A lectura constitúe un factor fundamental para o desenvolvemento das competencias clave; é de especial relevancia o desenvolvemento de estratexias de comprensión lectora de todo tipo de textos e imaxes, en calquera soporte e formato. Co fin de fomentar o hábito da lectura, no noso horario figura un tempo diario de lectura de vinte minutos, sen prexuízo da súa práctica no resto das sesións diarias.
5. A intervención educativa terá en conta como principio a diversidade do alumnado, entendendo que deste xeito se garante o seu desenvolvemento.

6. Prestaráselle especial atención durante a etapa á atención personalizada dos alumnos e das alumnas, á realización de diagnósticos precoces e ao establecemento de mecanismos de reforzo para lograr o éxito escolar.
7. Os mecanismos de reforzo, que se poñerán en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe, poderán ser tanto organizativos como curriculares. Entre estas medidas consideramos o apoio no grupo ordinario, os agrupamentos flexibles ou as adaptacións do currículo.
8. Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deseñaremos actividades de aprendizaxe integradas e proxectos que lle permitan ao alumnado adquirir máis dunha competencia ao mesmo tempo.
9. O centro impartirá de xeito integrado o currículo de Lingua Castelá, Lingua Galega e Lingua Estranxeira: Inglés, co fin de favorecer que todos os coñecementos e as experiencias lingüísticas do alumnado contribúan ao desenvolvemento da súa competencia comunicativa plurilingüe. No proxecto lingüístico concretaranse as medidas tomadas para a impartición do currículo integrado das linguas. Estas medidas incluírán, cando menos, acordos sobre criterios metodolóxicos básicos de actuación en todas as linguas, acordos sobre a terminoloxía que se vaia empregar, e o tratamento que se lles dará aos contidos, aos criterios de avaliación e aos estándares de aprendizaxe similares nas distintas áreas lingüísticas, de xeito que se evite a repetición dos aspectos comúns á aprendizaxe de calquera lingua.
10. Favorecerase a flexibilización e o emprego de alternativas metodolóxicas na ensinanza e na avaliación, especialmente co alumnado que presente dificultades na comprensión e expresión.
11. Igualmente, estableceranse as medidas máis axeitadas para que as condicións de realización dos procesos asociados á avaliación se adapten ás necesidades de todo o alumnado.

#### **e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos**

Os materiais e recursos didácticos propostos para a adquisición dos saberes básicos que se empreguen serán variados, atractivos e adaptados ás necesidades do alumnado, e axustaranse á normativa dos dereitos de propiedade intelectual. Procurarase que o centro dispoña, na medida do posible, de materiais que favorezan a exploración, a manipulación, a investigación, e a experimentación, o fomento da lectura e o uso de bibliotecas. Asimesmo, recolleranse nas distintas programacións de nivel/ciclo aqueles materiais educativos que fomenten o igual valor de mulleres e homes e non conteñan estereotipos sexistas ou discriminatorios. O noso CEIP, como centro que escolariza alumnado con necesidade específica de apoio educativo, solicitará anualmente os recursos complementarios humanos e materiais necesarios para atender adecuadamente a este alumnado.

#### **f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso**

Non é o caso.

#### **g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias**

O noso CEIP Daría González García considera necesario o deseño de actividades complementarias extraescolares para conseguir, entre outros, obxectivos xerais e específicos de acordo aos criterios seguintes:

- Favorecer a sensibilidade, curiosidade e creatividade do noso alumnado.
- Mellorar as relacións entre o alumnado fóra do ámbito académico e axudarlle a adquirir habilidades sociais e de comunicación.
- Posibilitar o acceso a esas actividades a todo o alumnado.
- Reforzar os obxectivos académicos.
- Favorecer e practicar a dimensión lúdica da ensinanza.
- Exercer un efecto compensador das desigualdades sociais.
- Ter a experiencia na medida do posible dunha oferta variada: teatro, concertos, exposicións, actividades deportivas.
- Traballar estas actividades previamente na aula se é o caso.
- Evitar que se repitan no mesmo grupo actividades realizadas o curso anterior 22-23.
- Priorizar as actividades de balde.

O CEIP acorda facer mínimo dez actividades ao longo do curso escolar, maiormente actividades ofertadas cada ano

por distintas entidades como son o Concello de Pontevedra, Fundación Abanca, Obra Social la Caixa ou Deputación de Pontevedra, e que son valoradas tendo en conta os criterios anteriormente descritos.

#### **h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso**

O alumnado que acade a promoción de curso con algunha área ou ámbito con cualificación negativa recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzase o curso anterior.

Estes apoios serán concretados nun plan específico de reforzo que incluírá, cando menos, os seguintes elementos:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Relación das necesidades educativas que motivaron o suspenso na área.
- c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- f) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- g) Acreditación da información á familia.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico de reforzo e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

#### **i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso**

Cando unha alumna ou un alumno de educación primaria permaneza un ano máis no mesmo curso, debe seguir un plan específico de reforzo, que ten como finalidade atender e superar as dificultades que levaron a esa repetición. Este plan será elaborado polo equipo docente, baixo a coordinación do profesorado titor, e desenvolverase ao longo de todo o curso.

O plan específico de reforzo incluírá, cando menos:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- f) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- g) Acreditación da información á familia.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico de reforzo e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

#### **j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación**

Tendo en conta a Orde de Avaliación do 25 de xaneiro de 2022, os cursos impares da EP (1º, 3º e 5º) a promoción ao seguinte curso farase de xeito automático sin que por elo, aquel alumnado con materias suspensas as leve aprobadas. Nestes casos, o alumnado recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzase o curso anterior.

O alumnado dos cursos pares da EP (2º, 4º e 6º) promocionará ao seguinte curso ou etapa segundo os criterios adoptados de forma colexiada polo claustro.

O titor ou titora, oído o equipo docente propoñerá na avaliación final 2 opcións:

1. Avaliación positiva: o alumnado que obteña unha cualificación positiva en todas as áreas promocionará ao seguinte curso. Aquel alumnado que teña acadado o 80% dos obxectivos previstos para as competencias lingüística e matemática promocionará coa obrigabilidade de recibir os apoios necesarios para recuperar esas aprendizaxes, concretados nun plan específico de reforzo.

2. Avaliación non positiva: cando o alumnado non cumpla os criterios da avaliación positiva, isto é, o alumnado acade unha valoración INSUFICIENTE por non ter adquiridos o 80% dos obxectivos mínimos prioritarios das competencias lingüísticas e matemáticas establecidos nas programacións de nivel. Neste caso, permanecería un ano máis no curso co seu plan específico de reforzo.

### **k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso**

Serán obxecto de mención de honra aqueles alumnos e alumnas que acaden unha cualificación media de sobresaínte (9 ou 10) en 6º curso de primaria ademais de manter unha conducta exemplar ao longo da súa escolaridade.

### **l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas**

As programacións didácticas deberán estar deseñadas cos apartados que seguen:

1. Introducción
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias
  - 3.1. Relación de unidades didácticas
  - 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas
  - 4.1. Concrecións metodolóxicas
  - 4.2. Materiais e recursos didácticos
  - 5.1. Procedemento para a avaliación inicial
  - 5.2. Criterios de cualificación e recuperación
6. Medidas de atención á diversidade
  - 7.1. Concreción dos elementos transversais
  - 7.2. Actividades complementarias
- 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro
- 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora
9. Outros apartados

A súa elaboración debe levarse a cabo na aplicación PROENS accesible a través de internet no enderezo <https://www.edu.xunta.es/proens/>.

Para o presente curso 23-24, as programacións didácticas de Educación Infantil e de 1º, 3º e 5º de Educación Primaria deben estar en estado de "entregado para a inspección" antes do 20 de setembro de 2023. No caso das programacións dos cursos pares de Educación Primaria (2º, 4º e 6º), estas serán entregadas antes do 30 de novembro de 2023. O CEIP Daría González García desenvolverá o currículo das ensinanzas de educación primaria mediante a elaboración das correspondentes programacións didácticas para cada unha das áreas seguindo as decisións e criterios xerais establecidos nesta concreción curricular.

### **m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas**

Os criterios para a participación nos proxectos solicitados anualmente polo centro partirán de 2 premisas:

1. Das propostas de mellora redactadas por cada membro do Claustro nas memorias finais de curso.
2. Da detección de necesidades de formación do claustro a principios de setembro co fin de solicitar do Centro de Formación e Recursos (CFR) os cursos e seminarios que se adecúe ás necesidades formativas (tecnoloxías dixitais, afondamento en formación sobre integración, resolución de conflitos, mediación, alternativas aos libros de texto nas distintas áreas curriculares...). Estas necesidades serán trasladadas á xefatura de estudos quen, co asesoramento da persoa responsable do CFR, poida solicitar esta formación en centro.

En canto aos Plans e Proxectos, tendo en conta que son programas que se traballan transversalmente ao currículo,



cada ano na CCP farase unha reflexión sobre a oferta dada polos Programas de Éxito Educativo e Plans Proxecta valorando as memorias de fin de curso, para darlle continuidade a aqueles plans e programas que resultaron beneficiosos o curso anterior, ou iniciar outros que supoñan un enriquecemento persoal, social e académico dos nosos alumnos e alumnas.

Como principios a ter en conta sobre estes programas e proxectos estarán:

- 1º. Aqueles que repercutan na convivencia harmoniosa do alumnado.
- 2º. Os plans que permitan o acceso do alumnado ao traballo cooperativo e por proxectos.
- 3º. Que aporten valores e hábitos de vida saudable, ecoloxía e respecto ao medio ambiente.
- 4º. Aqueles outros que favorezan a integración da diversidade física, cultural e social.
- 5º. As propostas que formen en seguridade na rede e uso da tecnoloxía dixital.

## **n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular**

O proxecto educativo do CEIP Daría González García recolle os valores, obxectivos e prioridades de actuación e, xunto a isto, incorpora a concreción dos currículos, establecidos pola Consellería de Educación, fixados e aprobados polo claustro no mes de setembro de 2023.

O claustro, anualmente, revisará e avaliará a adecuación da concreción curricular durante o mes de xuño, recollendo por escrito as apreciacións e valoracións do profesorado. En función desta avaliación, o claustro do seguinte curso, durante o mes de setembro, modificará e adecuará a concreción curricular para aplicala conforme ás propostas de mellora.

## **o) Outros apartados**

### **1. Revisión**

O claustro revisará e avaliará a adecuación da concreción curricular durante o mes de xuño de 2024.

### **2. Modificación**

O claustro do próximo curso 2024-2025, durante o mes de setembro, modificará e adecuará a concreción curricular tras o análise das propostas de mellora realizadas en xuño.